

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día sete de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1265).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión.

2(1266).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI) E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA (ICOIIG) PARA A CELEBRACIÓN DAS III XORNADAS TÉCNICAS GALEGAS SMART CITIES & COMMUNITIES. EXPTE. 11964/101.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 06/11 e de fiscalización do 07/11, dáse conta do informe-proposta de data 07/11, asinado polos xefes de área de Fomento e do servizo de Electromecánicos e conformado polo concelleiro de área, pola concelleira de Facenda e polo alcalde-presidente, que di o seguinte:

“O Concello de Vigo ven desenvolvendo unha serie de actuacións relacionadas con proxectos para a consecución dunha cidade sostible no ámbito universal. Neste ámbito de actuación o Concello de Vigo a través da Concellería delegada da Área de FOMENTO, correspóndelle as atribucións e en materia de Vías e Obras; Parque Móbil e Parque Central, Electromecánicos, oficina de supervisión de proxectos, así como o seguimento da xestión dos servizos públicos con especial incidencia en aqueles que se xestionan indirectamente a través de empresas concesionarias. Así mesmo correspóndelle impulsar dun xeito eficaz o acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos, dirixindo e planificando os procesos dende o Servizos de Informática.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo unhas xornadas técnicas como foro de estudio e coñecemento do proxectos tecnolóxicos en relación o desenvolvemento sostible da sociedade, as cales posibilitan o debate e coñecemento de novas tendencias nos ámbitos tecnolóxicos.

O Concello de Vigo coparticipa na Fundación FAIMEVI, que é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en abril de 2004, por iniciativa da Unión Europea, a través do programa SAVE II, co fin de alentar accións a nivel local e rexional para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos locais. Dentro das súas funcións atópase incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables nos sectores da administración pública, produción de bens e servizos (pemes e industria) e sector doméstico, así como difundir a información sobre a enerxía entre a cidadanía.

O Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG) é unha corporación profesional de dereito público que engloba a persoas coa titulación de Enxeñeiro Industrial que desenvolven a súa profesión no ámbito xeográfico de Galicia e cuxo obxectivo é defender os lexítimos intereses dos colexiados así como ordenar e valorar a súa actividade profesional na sociedade. Entre as súas funcións atopamos as de exercer cantas funcións podan serlle encomendadas polas distintas administracións públicas, así como asesorar a organismos do Estado, comunidades autónomas, corporacións locais, e impulsar o desenvolvemento de actividades científicas, técnicas, económicas, sociais e culturais relacionadas coa profesión.

Tendo en conta os aspectos descritos anteriormente, atopámonos con pautas que orientan a proposta de estudar un marco de relación entre as tres entidades, co obxectivo de aunar esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento das III Xornadas Técnicas Galegas como foro de estudio e coñecemento do proxectos tecnolóxicos en relación o desenvolvemento sostible da sociedade, centrando o tema de estudo para este ano 2014 no título de “SMART CITIES & COMMUNITIES”.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos de diversas entidades que teñen entre os seus obxectivos principios de identidade na consecución dunha cidade sostible no ámbito universal, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio, se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que o Concello de Vigo a través da Área de Fomento, non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar as actuacións das tres entidades relacionadas, unificando esforzos na promoción e desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos en relación o desenvolvemento sostible da sociedade, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas do convenio desenvolven os seguintes apartados xerais que garanten un cumprimento equilibrado do obxecto xeral do convenio, garantindo a viabilidade e desenvolvemento do mesmo:

- *Buscase a dinamización e organización en colaboración de FAIMEVI e o ICOIIG, as III Xornadas Técnicas Galegas como foro de estudo e coñecemento do proxectos tecnolóxicos en relación o desenvolvemento sostible da sociedade, centrando o tema de estudo para este ano 2014 no título de "SMART CITIES & COMMUNITIES". Estas terceiras xornadas celebraranse en Vigo os días 25 e 26 de novembro, e centraranse no coñecemento de experiencias practicas, así como nos avances no ámbito das SMART CITIES, procurando o desenvolvemento de accións para aglutinar ponencias de expertos de recoñecido prestixio, profesionais e empresas líderes a nivel estatal como internacional.*
- *Para o desenvolvemento do proxecto o Concello de Vigo a través da Area de Fomento, coordinará as actuacións necesarias para un correcto desenvolvemento do obxecto do convenio. Esta labor de coordinación será desenvolva baixo a coordinación conxunta do Xefe da Area de Fomento e o Xefe de Servizo de Electromecánicos.*
- *FAIMEVI, comprometése a desenvolver as tarefas necesarias para a dinamización e organización das diversas actuacións e procesos necesarios en relación a organización executiva das III Xornadas Técnicas a través da súa estrutura, establecendo a través de recursos propios ou externos, os traballos derivados da "secretaría técnica de organización" .*
- o *III Xornadas Técnicas "SMART CITIES & COMMUNITIES" 2014. En relación os ingresos a través da función de secretaria técnica FAIMEVI, facilitará o proceso de inscrición dos asistentes as xornadas para o cal o Comité Organizador poderá establecer unha cota de matrícula, que ingresará FAIMEVI como recursos directos para sufragar os gastos derivados da organización. Dentro destas responsabilidades de organización Faimevi asumirá os abrigas económicas derivadas de:*
 1. *a secretaría técnica para a organización das Xornadas*
 2. *o aluguer do lugar de celebración, a seguridade, azafatas e o control de accesos e asistencia*
 3. *o equipo audiovisual e outros medios técnicos necesarios para a celebración do evento*
 4. *o aluguer da zona de exposición, os estánds, a subministración de enerxía e o acceso a internet*
 5. *os servizos de catering*
 6. *a confección e subministración dos materiais entregables aos asistentes.*
- *O ICOIIG fará as propostas técnicas oportunas en relación o deseño, execución e difusión das actuacións previstas no proxecto de organización, así como para o programa científico, colaborando na promoción das xornadas entre as entidades privadas e públicas especializadas no ámbito das SMART CITIES, para a consecución de posibles colaboradores técnicos, patrocinadores e asistentes das Xornadas.*

O Concello de Vigo, considera que no ámbito deste convenio, se posibilita a colaboración municipal entre outros conceptos, a través dunha da financiación específica dos gastos derivados da execución do proxecto de imaxe e difusión destas xornadas o cal deberá ser desenvolto de maneira conxunta entre os créditos vinculados as Concellerías implicadas da AREA DE FOMENTO. Dito gasto terá un límite orzamentario máximo de 17.793,63 euros, mais o IVE correspondente.

A vixencia do presente convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2014, período no cal as entidades colaboradoras deberán presentar a memoria de execución do convenio.

O presente expediente atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2.ñ da Lei 27/2013 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Por todo o exposto, previo informe xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar do texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da AREA DE FOMENTO, FAIMEVI e o ICOIIG, para o desenvolvemento das III Xornadas Técnicas Galegas como foro de estudo e coñecemento do proxectos tecnolóxicos en relación o desenvolvemento sostible da sociedade, centrando o tema de estudo para este ano 2014 no título de "SMART CITIES & COMMUNITIES" que se celebrarán os días 25 e 26 de novembro de 2014.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 21.530,29 €, sendo o importe do iva o de 3.736,66 €, a favor de ECOVIGO PUBLICIDAD S.L (B-36614808) para o desenvolvemento do correspondente expediente de contratación en relación as obrigas de Concello de Vigo dentro do marco do convenio para os gastos derivados da execución do proxecto de imaxe e difusión destas xornadas.

Este crédito será con cargo RC/P das partidas do orzamento vixente:
1650.226.02.00. RC/P, 201400008320, polo importe de 1.000,00 €.
1720.226.02.00. RC/P, 201400008338, polo importe de 1.000,00 €.
1550.226.02.00. RC/P, 201400008336, polo importe de 19.530,29 €.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar o presente Convenio."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO A FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI) E COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA (ICOIIG)

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de outubro de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Bernardo Parajó Calvo, en calidade de Director da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), con CIF G36921278, inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2004/6, con domicilio a efectos de notificacións na Rúa Oporto nº 1 -1º, 36201 Vigo, actuando en nome e representación da mesma, no uso das facultades do seu cargo recollidas no artigo 24 dos estatutos da Fundación e do acordo expreso do seu Padroado na súa reunión ordinaria de 7 de abril de 2005.

E doutra parte, D. Oriol Sarmiento Díez, en calidade de Decano do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG), con CIF Q1570003B y con domicilio na Rúa Alameda, 30-32, 8º 15003 A Coruña, actuando en nome e representación da mesma, no uso das facultades do seu cargo recollidas no artigo 40 dos estatutos do Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG) Decreto 160/2007, de 26 de xullo. (DOG 9 de Agosto).

Intervén D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o Concello de Vigo a través da Concellería delegada da Area de FOMENTO, correspóndelle as atribucións e en materia de Vías e Obras; Parque Móbil e Parque Central, Electromecánicos, oficina de supervisión de proxectos, así como o seguimento da xestión dos servizos públicos con especial incidencia en aqueles que se xestionan indirectamente a través de empresas concesionarias. Así mesmo correspóndelle impulsar dun xeito eficaz o acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos, dirixindo e planificando os procesos dende o Servizos de Informática.

SEGUNDO: Que FAIMEVI é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en abril de 2004, por iniciativa da Unión Europea, a través do programa SAVE II, co fin de alentar accións a nivel local e rexional para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos locais. Dentro das súas funcións atópase incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables nos sectores da administración pública, produción de bens e servizos (pemes e industria) e sector doméstico, así como difundir a información sobre a enerxía entre a cidadanía.

Tamén contéplase nos fins fundacionais fomentar os mecanismos de comunicación, interrelación e coñecemento entre as diversas iniciativas sobre aforro, eficiencia enerxética e fomento das enerxías renovables impulsadas polos organismos dedicados a tales fins, establecendo as relacións de cooperación necesarias.

TERCEIRO: Que o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG) é unha corporación profesional de dereito público que engloba a persoas coa titulación de Enxeñeiro Industrial que desenvolven a súa profesión no ámbito xeográfico de Galicia e cuxo obxectivo é defender os lexítimos intereses dos colexiados así como ordenar e valorar a súa actividade profesional na sociedade. Entre as súas funcións atopamos as de exercer cantas funcións podan serlle encomendadas polas distintas administracións públicas, así como asesorar a organismos do Estado, comunidades autónomas, corporacións locais, e impulsar o desenvolvemento de actividades científicas, técnicas, económicas, sociais e culturais relacionadas coa profesión.

Que o Concello de Vigo a través da AREA DE FOMENTO, FAIMEVI e o ICOIIG, teñen vontade de colaborar mutuamente para permitir o desenvolvemento de accións conxuntas encamiñadas á promoción e desenvolvemento dos seus intereses e de maneira especial en relación a organización das III Xornadas Técnicas Galegas como foro de estudo e coñecemento do proxectos tecnolóxicos en relación o desenvolvemento sostible da sociedade, centrando o tema de estudo para este ano 2014 no título de "SMART CITIES & COMMUNITIES".

A tal efecto, as partes acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMERA. OBXECTO: O Concello de Vigo a través da AREA DE FOMENTO, ten por obxectivo organizar en colaboración de FAIMEVI e o ICOIIG, as III Xornadas Técnicas Galegas como foro de estudo e coñecemento do proxectos tecnolóxicos en relación o desenvolvemento sostible da sociedade, centrando o tema de estudo para este ano 2014 no título de "SMART CITIES & COMMUNITIES". Estas terceiras xornadas centraranse no coñecemento de experiencias practicas, así como nos avances no ámbito das SMART CITIES, procurando o desenvolvemento de accións para aglutinar ponencias de expertos de recoñecido prestixio, profesionais e empresas líderes a nivel estatal como internacional.

Os principais obxectivos serán:

- Proporcionar un espazo de difusión, posta en común e debate entre académicos, profesionais e empresas para analizar a situación e o futuro das cidades intelixentes nos ámbitos máis destacados.*
- Difundir os conceptos de cidade intelixente e todo o que se crea e move ao seu arredor, fomentando o coñecemento e interese polas novas tecnoloxías que iso leva consigo.*
- Divulgar temas de actualidade sobre cidades intelixentes realizadas por e para profesionais do sector*
- Dar a coñecer experiencias e proxectos, e profundar no papel de cidade intelixente no futuro próximo.*

FAIMEVI e o ICOIIG actuarán como colaboradores especializados no ámbito do obxecto deste convenio, nas tarefas técnicas de organización, colaboración e cooperación necesarias para un mellor desenvolvemento destas III Xornadas Técnicas, que terán como referencia para a súa organización o contido do resumen do anexo I, a este convenio.

SEGUNDA. OBRIGAS PARA AS PARTES:

Para o debido cumprimento do obxecto do presente Convenio de Colaboración, estableceuse a seguinte distribución de obrigas para as partes asinantes deste convenio:

1.- Obrigas para o Concello de Vigo:

- a.- O Concello de Vigo a través da Area de Fomento, coordinará as actuacións necesarias para un correcto desenvolvemento do obxecto do convenio. Esta labor de coordinación será*

desenvolta baixo a coordinación conxunta do Xefe da Area de Fomento e o Xefe de Servizo de Electromecánicos.

b.- O Concello de Vigo a través dos seus propios medios, desenvolverá todos os aspectos de comunicación necesaria para difusión da celebración destas xornadas técnicas.

c.- O Concello de Vigo facilitará a tramitación das necesidades vinculadas a organización destas xornadas técnicas en relación a colaboración de recursos propios do Concello de Vigo

d.- O Concello de Vigo asumirá os gastos de organización exclusivamente relacionados coa imaxe corporativa das xornadas, así como das accións de comunicacións necesarias para unha adecuada difusión do evento a desenvolver durante un período mínimo dun mes antes da celebración das xornadas. O proxecto de imaxe e difusión destas xornadas será desenvolto de maneira conxunta entre os créditos vinculados as Concellerías implicadas da AREA DE FOMENTO. Dito gasto terá un límite orzamentario máximo de 21.530,29 euros, o IVE incluído.

2.- Obrigas para FAIMEVI:

FAIMEVI, comprometése a desenvolver as tarefas necesarias para a dinamización e organización das diversas actuacións e procesos necesarios en relación a organización executiva das III Xornadas Técnicas a través da súa estrutura, que de forma concreta establécense en:

a.- Fará as propostas técnicas oportunas en relación o deseño, execución e difusión das actuacións previstas no proxecto de organización, así como para o programa científico.

b.- Establecera a través de recursos propios ou externos, os traballos derivados da "secretaría técnica de organización" III Xornadas Técnicas "SMART CITIES & COMMUNITIES" 2014. En relación os ingresos a través da función de secretaría técnica FAIMEVI, facilitará o proceso de inscrición dos asistentes as xornadas para o cal o Comité Organizador poderá establecer unha cota de matrícula, que ingresará FAIMEVI como recursos directos para sufragar os gastos derivados da organización. Dentro destas responsabilidades de organización Faimevi asumirá os abrigas económicas derivadas de:

- a secretaría técnica para a organización das Xornadas,*
- o aluguer do lugar de celebración, a seguridade, azafatas, e o control de accesos e asistencia,*
- o equipo audiovisual e outros medios técnicos necesarios para a celebración do evento,*
- o aluguer da zona de exposición, os estánds, a subministración de enerxía e o acceso a internet,*
- os servizos de catering,*
- a confección e subministración dos materiais entregables aos asistentes.*

c.- FAIMEVI, estará autorizada a realización de xestión para a captación de recursos externos para a colaboración na financiación do proxecto organizativo das III Xornadas Técnicas "SMART CITIES & COMMUNITIES" 2014, como patrocinadores.

d.- Fomentará, estimulará e promoverá iniciativas e suxestións dos axentes técnicos e científicos implicados no ámbito das SMART CITIES para as actuacións conxuntas de promoción.

Realizar cantas xestións sexan necesarias con outras institucións ou entidades privadas para a consecucións de apoios o proxecto.

3.- Obrigas para o ICOIIG :

- a.- Formará parte do Comité Organizador das III Xornadas Técnicas e fará as propostas técnicas oportunas en relación o deseño, execución e difusión das actuacións previstas no proxecto de organización, así como para o programa científico.
- b.- Facilitará ao Comité Organizador a través da WEB do ICOIIG, un enlace para a difusión do enlace das Xornadas Técnicas. Ademais realizará a difusión de información a tódolos seus colexiados e empresas do sector.
- c.- Colaborará na promoción das xornadas entre as entidades privadas e públicas especializadas no ámbito das SMART CITIES, para a consecución de posibles colaboradores técnicos, patrocinadores e asistentes das Xornadas.
- d.- Colaborará directamente na organización das xornadas nos aspectos técnicos e de coordinación na execución das diversas ponencias e conferencias.

4.- Obrigas de coordinación entre as partes:

Ademais das obrigas específicas de cada entidades, o Concello de Vigo, FAIMEVI e o ICOIIG, traballarán de modo coordinado en aquelas actuacións necesarias para xerar cantas iniciativas ou propostas sexan oportunas para potenciar o desenvolvemento xeral das III Xornadas Técnicas Galegas.

Para a coordinación das actuacións de comunicación o Concello de Vigo autorizará as entidades colaboradoras a utilización da imaxe corporativa do Concello de Vigo, así como a propia das xornadas técnicas para o desenvolvemento das accións necesarias en relación a promoción e captación de recursos externos para o proxecto.

No desenvolvemento das actuacións as tres entidades manteranse informadas das súas actividades a través do Comité Organizador.

TERCEIRA.- Financiamento das Xornadas Técnicas.

O desenvolvemento do obxecto do Convenio non levará consigo obrigas de contraprestacións económicas entre as partes. Cada entidade farase cargo dos custes directamente vinculados o desempeño das obrigas de cada entidade.

Para o financiamento das obrigas derivadas da "secretaría técnica", o Comité organizador establecerá as cotas de inscrición como asistentes, así como diversos niveis de colaboradores como patrocinadores das Xornadas Técnicas. Ditas tarefas atópanse incluídos dentro das funcións de FAIMEVI.

CUARTA. Comité organizador:

Para que a coordinación sexa efectiva creárase un Comité organizador integrado por un mínimo de dous representantes de cada unha das tres entidades asinantes do convenio. Este Comité organizador será o encargado de aprobar o programa definitivo, así como as diversas propostas para levar a cabo o desenvolvemento xeral das III Xornadas Técnicas.

QUINTA. Vixencia do convenio:

A vixencia deste convenio alcanza o período comprendido entre a data da sinatura polas partes, ata un máximo de tres meses posteriores a data da finalización das xornadas técnicas, como período para a presentación da memoria de xestión das xornadas.

SEXTA. Xustificación da celebración das Xornadas Técnicas:

FAIMEVI, como entidade responsable da “secretaría técnica”, elaborará unha memoria, na que se recollan todos os aspectos referentes a celebración das xornadas técnicas e na que figurará o ICOIIG como coeditor.. Esta memoria será publicada na páxina web das xornadas técnicas, xunto coas das xornadas anteriores, celebradas en 2012 e 2013. Para a elaboración desta memoria, as tres entidades asinantes achegarán toda a información que o Comité Organizador xulgue de interese.

SETIMA. Denuncia ou resolución do convenio.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes, sendo facultada o Comité organizador para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos asinantes, subscriben este Convenio por triplicado na data que encabeza o convenio.

*Fundación Axencia Intermunicipal da
Enerxía de Vigo (FAIMEVI)
D. Bernardo Parajó Calvo*

*Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais
de Galicia (ICOIIG).
D. Oriol Sarmiento Díez*

*Concello de Vigo
D. Abel Caballero Álvarez”*

3(1266).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS. EXPTE. 2491/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 31/10/14, da secretaria da Mesa de Contratación, fiscalizado o 05/11/14 que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación as obras de humanización da rúa Coutadas (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do extraordinaria e urxente do día 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación celebrada o 06 de outubro de 2014:

ANLLAR CONSTRUCCIONES, S L, por supera-la súa oferta o tipo de licitación.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Coutadas (expediente 2491-440), no seguinte orde decrecente:

1	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	95,63
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S L	88,86
3	UTE ACEVI S L-MONTAJES J M IGLESIAS S L	88,39
4	CIVIS GLOBAL, S L	88,30
5	COPCISA, S A	80,71
6	EXTRACO, S A	79,54
7	INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, S L	78,68
8	ABILLEIRA, CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS AVANZADOS, S L	78,38
9	DESMACO, S L	73,19
10	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S A	72,71
11	MARCONSA, S L	70,12
12	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L (ORESAS L)	69,47
13	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S L	69,40
14	HORDESCON S L	66,18
15	TRANSPORTES Y EXCAVACIONES ARINES, S L	64,88
16	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	49,17
17	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	48,36
18	ANLLAR CONSTRUCCIONES, S L	excluída

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC os que se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 754,66 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 24 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 30 de outubro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes do xefe de Área de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, valorando os criterios non avaliábeis mediante fórmula, avaliábeis mediante fórmula e establecendo a puntuación final, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Coutadas” (expediente 2491-440) por un

prezo total de 251.652 euros (IVE incluído), comprometéndose a incrementar o prazo de garantía en 108 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

4(1267).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA. EXPTE. 2471/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/10/14, do secretario da Mesa de Contratación, fiscalizado o 04/11/14 que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Canoa.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA. EXPTE. 2471/440.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, asinada polo secretario de dito órgano con data 10.10.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 10 de outubro de 2014, entre outros , acordou:

5.- Proposta de clasificación.

Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Canoa (expediente 2471-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-09-2014, 12-09-2014, 25-09-2014, 30-09-2014, 02-10-2014, 06-10-2014 e 10-10-2014 e dos informes do xefe de Area

de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Canoa (expediente 2471-440), no seguinte orde decrecente:

1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S L	95,43
2	UTE ACEVI S L-MONTAJES J M IGLESIAS S L	90,94
3	COPCISA, S A	87,33
4	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S L	84,98
5	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S A	84,11
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	83,49
7	ABILLEIRA, CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS AVANZADOS, S L	79,80
8	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L (ORESA S L)	77,46
9	INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, S L	76,27
10	MARCONSA, S L	75,01
11	PLYGEPE, S L	74,47
12	HORDESCON, S L	71,00
13	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	65,57
14	DESMACO, S L	64,34
15	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	62,35
16	NATURGALIA, S L	46,06

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S L , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.

Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 839,70 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 16 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 22 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a Xestión Ambiental de Contratas, S.L. o procedemento aberto para a **contratación das obras de humanización da rúa Doutor Canoa (expediente 2471-440)** por un prezo total de 169.050 euros (IVE incluído) e un incremento do prazo de garantía de 96 meses respecto do mínimo previsto de 12 meses. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

5(1268).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN DIVERSOS ACCESOS, RÚAS E CAMIÑOS DE VIGO. EXPTE. 2504/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 31/10/14, da secretaria da Mesa de Contratación, fiscalizado o 05/11/14 que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de “mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: accesos ao pavillón municipal de Coruxo e no camiño Gándara – Coruxo; San Cosme – Zamáns; rúa Atlántida – Alcabre; rúa en trada a Balsa – Matamá; rúa Bravo - Navia; camiño Oia e np camiño Rozo – Oia; rúa Eira Bella – Saiáns; subida a Rola – San Roque; estrada Marco – Sárdoma e camiño Pinguela – Valladares” (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do extraordinaria e urxente do día 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de “MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: ACCESOS AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORUXO E NO CAMIÑO GÁNDARA – CORUXO; SAN COSME – ZAMÁNS; RÚA ATLÁNTIDA – ALCABRE; RÚA EN TRADA A Balsa – MATAMÁ; RÚA BRAVO - NAVIA; CAMIÑO OIA E NP CAMIÑO ROZO – OIA; RÚA EIRA BELLA – SAIÁNS; SUBIDA A ROLA – SAN ROQUE; ESTRADA MARCO – SÁRDOMA E CAMIÑO PINGUELA – VALLADARES” (exped 2504-440), no seguinte orde decrecente:

1	COPCISA	89,38
2	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	88,91
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	87,32
4	NAROM S L	85,05
5	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S L	79,77
6	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S A	73,37
7	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	53,38
8	NATURGALIA, S L	39,83

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

- **A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.**
- **Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.**
- **Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.**
- **Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.**
- **Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.**

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 17 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 24 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 30 de outubro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes do xefe de Área de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, valorando os criterios non avaliábeis mediante fórmula, avaliábeis mediante fórmula e establecendo a puntuación final, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COPCISA, S.A. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a COPCISA, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en: accesos ao pavillón municipal de Coruxo e no camiño Gándara – Coruxo; San Cosme – Zamáns; rúa Atlántida – Alcabre; rúa entrada a Balsa – Matamá; rúa Bravo - Navia; camiño Oia e no camiño Rozo – Oia; rúa Eira Bella – Saiáns; subida a Rola – San Roque; estrada Marco – Sárdoma e camiño Pinguela – Valladares” (expediente 2504-440) por un prezo total de 342.272,70 euros (IVE incluído), sendo o prezo de execución de cada un dos proxectos (IVE incluído) o seguinte:

- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en accesos ao pavillón municipal de Coruxo e no camiño Gándara: 83.853 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en San Cosme: 49.549,50 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en rúa Atlántida – Alcabre: 38.115 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en Entrada a Balsa: 22.869 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura en rúa Bravo - Navia: 12.959,10 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura no camiño Oia e Rozo: 22.869 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura na rúa Eira Bella – Saiáns: 22.869 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura na subida a Rola – San Roque: 38.115 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura na estrada Marco – Sárdoma: 20.582,10 euros.*
- Mellora da rede separativa de pluviais e renovación dos pavimentos peonís e de rodadura no camiño Pinguela – Valladares: 30.492 euros.*

Oferta un incremento do prazo de garantía de 54 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

6(1269).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO. EXPTE. 2493/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/10/14, do secretario da Mesa de Contratación, fiscalizado o 07/11/14 que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Toledo e o seu entorno (expediente 2493-440).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

5.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU CONTORNO. EXPTE. 2493/440.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, asinada polo secretario de dito órgano con data 10.10.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 10 de outubro de 2014, entre outros , acordou:

Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Toledo e o seu entorno (expediente 2493-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-09-2014, 12-09-2014, 25-09-2014, 30-09-2014, 02-10-2014, 06-10-2014 e 10-10-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento de data 22-09-2014, 25-09-2014 e 09-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Dar conta das seguintes exclusión acordadas pola Mesa de Contratación celebrada o 12 de setembro de 2014:

PLYGEPE, S L: por non presentar declaración xurada na que manifieste a súa solvencia económica financeira e técnica de acordo co modelo do anexo 2 do prego de cláusulas administrativas particulares (apartados 8 e 9).

UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU-ASFALGAL, TECNICAS VIARIAS, S L por non presentar declaración xurada na que manifieste a súa solvencia económica financeira e técnica de acordo co modelo do anexo 2 do prego de cláusulas administrativas particulares (apartados 8 e 9)

"Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Toledo e o seu entorno (expediente 2493-440) , no seguinte orde decrecente:

1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	91,45
2	OBRAS Y CONSTRUCCIONES	90,85

	DIOS, S A	
3	STRADIA INFRAESTRUCTURAS S L	90,58
4	UTE ACEVI, S L -MONTAJES J. M. IGLESIAS, S.L.-INELSA SLU	86,39
5	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S L (ORESA S L)	79,04
6	COPCISA, S A	77,48
7	HIDROMIÑO, S L	77,36
8	NAROM S L	75,57
9	CIVIS GLOBAL S L	72,93
10	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	72,78
11	MARCONSA, S L	67,33
12	INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES, S L	64,09
13	HORDESCON S L	63,21
14	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S A	61,77

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 16 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 20 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XPRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A,. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Toledo e o seu entorno (expediente 2493-440) por un prezo total de 148.580 euros (IVE incluído) e un incremento do prazo de garantía de 96 meses respecto do mínimo previsto de 12 meses. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

7(1270).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 24/10/14, do secretario da Mesa de Contratación que figura fiscalizado o 04/11/14 e que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que s^ºe aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*

- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.*

ANTECEDENTES

Primeiro.- a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 10 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

5.- Proposta de clasificación.

a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo (expediente 71048-250).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 30-07-2014, 14-08-2016, 21-08-2014, 02-09-2014, 05-09-2014, 09-09-2014, 19-09-2014 30-09-2014, 03-10-2014 e 06-10-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento e o Enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras de data 11-08-2014, 08-09-2014, do xefe da área de Fomento de datas 14-08-2014 e 27-08-2014 e do o Enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras de data 01-10-2014 e 03-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Considerar que a oferta presentada por Elsamex S.A. contén valores anormais ou desproporcionados a vista do informe do Enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras de data 01-10-2014 ..

EM PRESA	CRITERIOS JUICIO DE VALOR	CRITERIOS FORMULA	PUNTUACION GLOBAL OFERTA
CIVISGLOBAL	18,60	77,20	95,80
UTE COVSA - ORECO	9,15	68,02	77,17
UTE MISTURAS - LOSADA BUS	7,80	70,68	78,48
UTE EXTRACO - GAVILANES	7,80	61,45	69,25

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo (expediente 71048-250), no seguinte orde decrecente:

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de todo risco construción de acordo co apartado 14 a) das FEC.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais ós cales se comprometeu na súa oferta.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 686,64 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 13 de outubro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 20 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250) por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no ANEXO I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares asimesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da formula de revisión de prezos prevista no apartado 3 J da FEC, Incrementa o prazo de garantía mínimo previsto de 12 meses en 72 meses e incrementa nun 1% a aportación económica destinada ao control de calidade.

O adxudicatario comprométese a execución das seguintes prestacións adicionais:

- 2 anuncios anuais na prensa local a media páxina.
- Incorporar unha brigada de inspección formada por dous oficiais primeira.
- Un coche eléctrico.
- Utilizar o programa de xestión de stock propio da empresa.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

8(1271).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DAS OBRAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAMIL, TRAVESAS E A ETEA. EXPTE. 13166/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 07/11/14, da secretaria da Mesa de Contratación que figura fiscalizado o 06/11/14 e di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do extraordinaria e urxente do día 15 de outubro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusión acordadas pola Mesa de Contratación celebrada o 06 de outubro de 2014:

- UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU, xa que presenta un prezo total polos tres proxectos cando a licitación e por lotes e polo tanto tiña que ofertar un prezo por cada proxecto.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras nos campos de futbol de Samil, Travesas e a ETEA. (exped 13166-333) lote 1 campo das Travesas, no seguinte orde decrecente:

1	C.D. INDEPO, S L	84,82
2	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	84,32
3	MONDO IBERICA, S A	83,50
4	CALFENSA PROYECTOS, S L	77,86
5	GPD CONSTRUCCIONES, S A	69,97
6	LIMONTA SPORT IBERICA, S L	67,84
7	MECANOSPORT	62,15
8	UTE PRACE, S A -CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	48,91

Terceiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA. (exped 13166-333) lote 2 campo da ETEA, no seguinte orde decrecente:

1	UTE PRACE, S A -CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	88,08
2	COPCISA	86,45
3	C.D. INDEPO, S L	85,56
4	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	80,01
5	ITALGREEN SPA	70,49
6	CALFENSA PROYECTOS, S L	60,21
7	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS S L	56,95
8	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	45,59

Cuarto: Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA. (exped 13166-333) lote 3 campo de Samil, no seguinte orde decrecente:

1	MONDO IBERICA, S A	82,49
2	MECANOSPORT	82,01
3	GPD CONSTRUCCIONES, S A	81,02
4	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	78,00
5	CALFENSA PROYECTOS, S L	77,53
6	LIMONTA SPORT IBERICA, S L	65,91
7	UTE PRACE, S A -CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	41,51

Quinto.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, C.D. INDEPO, S L, UTE PRACE, S A -CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU e MONDO IBERICA, S A,

para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13 a) das FEC.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.*

Sexto.- Requirit o aboamento de 344,33 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación a cada un dos licitadores clasificados en primeiro lugar”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar o día 17 de outubro de 2014, que presentan a documentación requirida en datas 22, 24 e 28 de outubro de 2014 respectivamente, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Á vista dos informes do xefe de Área de Fomento e o Director Deportivo do IMD de datas 26-09-2014 e 08-10-2014, valorando os criterios non avaliábles mediante fórmula, avaliábles mediante fórmula e establecendo a puntuación final, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por C.D. INDEPO, S.L. para o lote 1, pola UTE PRACE, S.A. -CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U para o lote 2 e MONDO IBERICA, S. A. para o lote 3. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras nos campos de fútbol de Samil, Travesas e a ETEA (expediente 13166-333):

- O lote 1 a C.D. INDEPO, S.L., por un prezo de 159.100,48 euros (IVE engadido) e un incremento do prazo de garantía de 48 meses.*
- O lote 2 a UTE PRACE, S.A. -CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U., por un prezo de 362.694,10 euros (IVE engadido) e un incremento do prazo de garantía de 96 meses.*
- O lote 3 a MONDO IBERICA, S. A., por un prezo de 183.300 euros (IVE engadido) e un incremento do prazo de garantía de 60 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

9(1272).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMITIVAS. PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES NA CIDADE DE VIGO E OS ANUNCIOS DE LICITACIÓN DESTE PROCEDIMENTO. EXPTE. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 07/11/2014, da xefa do Servizo de Contratación conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF), de aplicación no que non se opoñ ó TRLCSF.*
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSF.*
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*

- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Constitución española, de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).*
- *Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013.*
- *Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET).*
- *Lei 22/2013, Xeral de Presupostos do Estado para 2014.*

ANTECEDENTES

D. José María Hernández de Andrés, en nome e representación da ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PARQUES Y JARDINES, (en adiante ASEJA ou o recorrente), en data 3 de novembro de 2014, interpon recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares que rese o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo e os anuncios de licitación deste procedemento.

O escrito de recurso ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello o día 3 de novembro de 2014. Recibido o recurso, ten a obriga de trasladalo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC ou o Tribunal) xunto coa documentación que obra no expediente, así como un informe do órgano de contratación sobre o mesmo.

É preciso comenazar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

1.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“1º Aproba-lo gasto (...)

2º Aproba-lo expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

2.- En dataa 15 de setembro de 2014 se anuncia a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo.

3.- En data 30 de setembro de 2014 se publican os anuncios relativos á licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia, abríndose o prazo de presentación de ofertas que remata o día 29 de novembro de 2014.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Son obxecto da presente impugnación o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo e os anuncios de licitación deste procedemento.

Segundo.- É preciso comezar por determina-la lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.

Terceiro.- Aa lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos comúns para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada, contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 200.000 euros (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento) ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o presuposto de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), poidendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver-los recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, se atribúe pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais "a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1, 43 e 47 do TRLCSP (...)"

Cuarto.- Se ben a tarefa de analizar sí concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo lle corresponde ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia a efectos de formular alegacións no presente informe en caso de que non concorran e, no seu caso, solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexe-la contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continua-lo procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan a imposibilidade de continua-lo procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.

Así, a impugnación dos anuncios de licitación e os pregos que rexen a presente contratación son actos susceptibles deste recurso.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales se viron prexudicados ou podan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. E no caso que nos ocupa o recorrente non é un licitador, senon unha asociación de empresarios, en concreto de empresas de parques e xardíns. E se ben se recoéce a posibilidade de ser titular de intereses lexítimos colectivos ás asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais (artigo 31.2 da LRJAP), como é unha asociación empresarial, iso só nos termos que determine a lei. Perante o silencio da nosa lexislación contractual ó respecto, para precisar esta cuestión é preciso acudir á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Determina a resolución 89/2010 do TACRC que "(...) a función xenérica de representación e defensa dos intereses dos traballadores que corresponde ós sindicatos, non alcanza a transformalos en gardians abstractos da legalidade, polo que, en cada caso no que o sindicato exercite accións, se esixe un vínculo ou conexión entre o propio Sindicato e a pretensión exercitada. E ese vínculo non pode ser outro que un interese en sentido propio, específico e cualificado. Neste sentido e segundo reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo plasmada en sentenzas tales como a STSS de 19 de novembro de 1993 e 27 de xaneiro de 1998 entre outras, se o dereito subxectivo é sempre recoñecible, o interese lexítimo equivale á titularidade dunha posición de ventaxa ou dunha utilidade xurídica por parte de quen exercita a pretensión e que se materializaría, de prosperar ésta, na obtención dun beneficio de índole material ou xurídico ou na evitación dun prexuízo, con tal de que a obtención do beneficio ou evitación do prexuízo sexa certa e non meramente hipotética". Nesta liña, a Resolución 172/2012 sintetiza os requisitos que fixa a doutrina do Tribunal Constitucional para recoñece-la lexitimidade ós sindicatos para defender intereses colectivos dos seus representados, doutrina aplicable cando, como no caso que nos ocupa, se trata dunha asociación de empresarios:

1º.- Interese lexítimo, entendido como ventaxa ou utilidade que obtería o recorrente no caso de prospera-la pretensión exercitada.

2º.- Un vínculo ou conexión entre a organización que acciona e a pretensión exercitada, que se traduce nun interese profesional ou económico.

O propio TACRC considera excepcional a lexitimación de sindicatos ou asociacións empresariais e como regra xeral, segundo determina a resolución foi negada dita lexitimación cando os intereses afectados corresponden á esfera das relacións laborais entre a nova empresa contratista e os seus traballadores, quen es poden facer valer os seus dereitos perante a Xurisdicción Social (por todas Resolucíons 144/2013, de 10 de abril e 707/2014).

No presente caso, a xuízo da informante concorren varias circunstancias que propiciarían a non admisión do recorrente:

1. O recorrente manifesta interpoñe-lo recurso en nome dunha asociación, pero non acompaña o seu poder de representación para actuar en nome da mesma, senon só un poder para pleitos outorgado polo mesmo a favor de varios procuradores. Tampouco se acompañan os estatutos da asociación que dí representar e non consta un acordo do órgano con poder para iso acordando interpoñe-lo citado recurso. Se ben, a falta de acreditación da representación e da lexitimación, serían defectos subsanables.
2. O fondo do recurso. Se impugnan os anuncios de licitación e o PCAP, se ben no recurso non se alega a razón da impugnación dos anuncios, senon só da impugnación dos pregos. As razóns alegadas para a impugnación dos pregos, podemos sintetizalas nas seguintes:
 - a) A inexactitude da información facilitada en orde á posible subrogación dos traballadores que agora prestan o servizo, que o seu xuízo, incumpre as esixencias do artigo 120 do TRLCSP.
 - b) A nulidade do sistema de revisión de prezos fixado.
 - c) A nulidade do apartado 17.D.3 do Anexo I do PCAP (FEC) por establecer unha bolsa de 3900 horas anuais de traballo para actuar en calquera punto da cidade, porque a xuízo do recorrente, que non é necesario que se trate de zonas verdes incluídas no ámbito do contrato.

Pois ben, a xuízo da informante, a alegación citada no apartado a) non é susceptible de recurso pois, como manifestou o Tribunal na súa Resolución 707/2014 “como regra xeral foi negada dita lexitimación cando os intereses afectados corresponden á esfera das relacións laborais entre a nova empresa contratista e os seus traballadores, quen es poden facer vale-los seus dereitos perante a xurisdicción Social (por todas Resolución 144/2013, de 10 de abril)”, en consecuencia, propon ó Tribunal a inadmisión do recurso, caso de que se considere que o recorrente ostenta a lexitimación e o poder de representación que manifesta ter.

Como requisitos formais a lei esoxe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especifica-lo acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación nol prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). No caso que nos ocupa, ASEJA non presenta o citado escrito no Rexistro Xeral desta Administración, senon que se limita a enviar un fax en data 31 de outubro de 2014 anunciando o envío do recurso por correo. Non obstante, segundo Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos contractuais 211/2011, non é necesario presentar escrito anunciando a interposición cando o recurso se presenta perante o propio órgano de contratación. Fundamenta este criterio sinalando que “o anuncio de interposición está estabrecido polo

lexislador coa finalidade de que o órgano de contratación saiba que contra a súa resolución, sexa cal fose ésta, váise interpoñe-lo pertinente recurso. Por tanto, a omisión do requisito nos casos en que a interposición do recurso se verifique directamente perante o órgano de contratación, como é o caso do expediente en cuestión, non pode considerarse como un vicio que obste á válida prosecución do procedemento e o dictado dunha resolución contra o fondo do recurso”.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase constalo acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción da cal solicite (artículo 44.4 TRLCSP) e deberá ser acompañado da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.*
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por térsela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.*
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente no que recaiga ou do xornal oficial ou perfil de contratante no que se publicou.*
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.*
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.*

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente perante o Tribunal, agás a acreditación da representación do comparecente, tal e como xa foi posto de manifesto.

Por último, respecto ós requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 y 2 LCSP). Dado que o prego de cláusulas administrativas particulares foi publicado no perfil do contratante en data 15 de outubro, o propio escrito de recurso presentado en data 3 de novembro no Rexistro Xeral do Concello de Vigo foi interposto en prazo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo da súa ulterior exame polo Tribunal, que o recurso non reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei, polo que procede solicitar do Tribunal a súa inadmisión polas razóns expostas neste fundamento xurídico cuarto.

Non obstante, por se o Tribunal considerase oportuno admiti-lo recurso, nos fundamentos xurídicos seguintes se analizará o fondo das cuestións plantexadas polo recorrente.

Quinto.- As alegacións formuladas polo Sr. Hernández, en nome e representación de ASEJA, para fundamenta-la impugnación do PCAP son as seguintes:

- 1) A inexactitude da información facilitada en orde á posible subrogación dos traballadores que agora prestan o servizo, que ó seu xuízo, incumpre as esixencias do artigo 120 do TRLCSP, porque no mesmo non se cita o convenio propio da empresa que realiza este servizo nin os importes dos salarios aboados ós traballadores, o que ó seu xuízo fai imposible o cálculo dos custes laborais reais dos traballadores.*

- 2) *A nulidade do sistema de revisión de prezos fixado. A cláusula 31 do PCAP vincula a revisión de prezos ás variacións do PIB, que considera non é acorde coa disposición adicional octoxésima da Lei 22/2013, Xeral de Presupostos do Estado para 2014 segundo a cal "O réxime de revisión dos contratos do sector público (...) non poderán referenciarse (...) a tipo algún de índice xeral de prezos ou fórmula que o conteña e, no caso de que proceda dita revisión, deberá reflexa-la evolución dos custes".*
- 3) *O apartado 17.D.3 do Anexo I do PCAP (FEC) establece unha bolsa de 3900 horas anuais de traballo para actuar en calquera punto da cidade, que o recorrente considera que non é necesario que se trate de zonas verdes incluídas no ámbito do contrato. En consecuencia, considera que se non se elimina este apartado do PCAP o mesmo deviría nulo por incluír cláusulas contrarias á lei.*

O recorrente solicita desta Administración que se modifique o PCAP para corrixi-los erros que pon de manifesto no seu escrito e, en caso de non ser atendido este requerimento, solicita que se dea por interposto o Recurso e solicita, como medida provisional, que se acorde a suspensión do procedemento ata a resolución do recurso.

Sexto. - *A primeira alegación formulada polo recorrente, que se condensa na inexactitude da información facilitada en cumprimento do artigo 120 do TRLCSP, a fundamenta nos seguintes motivos:*

- *Que o adxudicatario está obrigado ó cumprimento da normativa laboral, entre a que se atopa o convenio propio do centro de traballo que realiza o servizo.*
- *O listado de persoal a subrogar que consta no Anexo III do PCAP só contén a data de antigüidade, o tipo de contrato e a categoría, sen que conste información relativa á aplicación de condicións laborais recollidas no Convenio do centro de traballo, nin os importes reais que son aboados ós traballadores.*

No PCAP non se cita o Convenio Colectivo propio da empresa por canto, a teor do disposto no Artigo 82.3 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (en adiante ET) "Os Convenios colectivos regulados por esta lei obrigan a tódolos empresarios e traballadores incluídos dentro do seu ámbito de aplicación e durante todo o tempo da súa vixencia". Conforme ó mesmo o convenio colectivo propio do centro de traballo obriga a empresa que actualmente presta o servizo e os seus traballadores, pero non resulta aplicable a terceiros.

A subrogación se produce ou ben por imperativo legal, nos casos de sucesión empresarial prevista no artigo 44 do ET, ou ben por estabrecelo así o convenio colectivo aplicable ós traballadores que prestan o servizo, con independencia da vontade da Administración. A lexislación contractual (artigo 120 TRLCSP), se limita a recolle-lo deber a Administración contratante de facilitar información sobre as condicións dos contratos que poderían resultar afectados pola subrogación, como así se fixo no apartado 17.D.6 da FEC do PCAP, deber que conxuga coa prohibición establecida no artigo 301.4 do TRLCSP, de que as Administracións consoliden postos de traballos de persoal que preste os seus servizos en empresas coas que tiñan contratado servizos á finalización destes contratos. Efectivamente, o citado artigo establece que "Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante".

Como ten estabrecido o Tribunal na súa Resolución 81/2011 "A obriga do adxudicatario de subrogarse nas relacións laborais vixentes co contratista que no momento de convocarse unha licitación se atope executando un contrato co mesmo obxecto, xurde, normalmente, como unha

esixencia do convenio colectivo que afecta ó sector de actividade de que se trate. Iso significa que, existindo un convenio colectivo que a esixa, o feito de que o prego de cláusulas administrativas particulares non a mencione, non é relevante xurídicamente, pois a obrigatoriedade da subrogación non procede do prego senon do convenio colectivo. Sen embargo, naqueles casos nos que non existe tal obriga previa de subrogación por non ter disposición legal nin convenio colectivo que a esixa, a falta de mención nos pregos equivaldrá á non esixencia da mesma.

E a Administración, a xuízo da informante, anexou ó PCAP a relación de traballadores facilitada pola empresa, cos datos incluídos na mesma. Con estes datos calquer licitador, aplicando o convenio colectivo do sector pode calcula-los custes laborais dos traballadores que teñan dereito a subrogación, polo que se cumpre coa obriga de información imposta polo artigo 120 TRLCSP.

Sétimo.- A segunda alegación do escrito de recurso versa sobre a nulidade do sistema de revisión de prezos fixado. A cláusula 31 do PCAP vincula a revisión de prezos ás variacións do PIB, que considera non é acorde coa disposición adicional octoxésima da Lei 22/2013, Xeral de Presupostos do Estado para 2014 segundo a cal "O réxime de revisión dos contratos do sector público (...) non poderá referenciarse (...) a ningún tipo de índice xeral de prezos ou fórmula que o conteña e, en caso de que proceda dita revisión, deberá reflexa-la evolución dos custes".

Pois ben, o PIB non é un índice xeral de prezos ou fórmula que o conteña, senon que é un indicador da marcha real da economía. Reflexa a variación da economía interior do país. E en consecuencia, non resulta contrario ó establecido na citada disposición.

O IPC mide a evolución dos prezos. O que trata de evita-lo lexislador coa desindexación da economía deste tipo de índices é evitar que a inflación dos prezos arrastre un incremento do custe dos contratos que non ten nada que ver coa evolución real dos mesmos.

A Administración municipal pretende co sistema de revisión de prezos fixado incluír un marco que vincule a evolución do contrato á marcha xeral da economía, non a un índice de variación de prezos nin xeral nin sectorial.

Oitavo.- A alegación terceira versa sobre a nulidade do apartado 17.D.3 do Anexo I do PCAP (FEC), que establece unha bolsa de 3900 horas anuais de traballo para actuar en calquera punto da cidade. Fundamenta a nulidade o recorrente en que considera que non é necesario que se trate de zonas verdes incluídas no ámbito do contrato.

Comezaremos por reproducir a cláusula controvertida:

"3.- BOLSA DE HORAS

O adxudicatario se compromete a poñer a disposición do Departamento de Montes, Parques e Xardíns, un total de 3.900 horas anuais de traballo do seu persoal sen custe e sen que iso supoña unha mengua nas prestacións obxecto deste contrato.

Esta bolsa de horas será utilizada a criterio do servizo de Montes, Parques e Xardíns en calquera punto da cidade, sen que sexa necesario que se trate de zonas verdes incluídas no ámbito deste contrato definido no artigo 3 do PPT.

O Concello deberá avisar á empresa da necesidade de dispoñer de horas con cargo a esta bolsa con 48 horas de antelación".

Se pretende contar cunha bolsa de horas que permita, en circunstancias puntuais, en caso de que sexa preciso actuar con inmediatez en zonas verdes non incluídas no ámbito do contrato pero da mesma tipoloxía que as definidas no mesmo, e o mantemento do cal é competencia do

servizo xestor, que este poda encomendar este mantemento á empresa adxudicataria sen por iso incorrer en novos custes, evitando ter que modifica-lo contrato por cuestións puntuais e de escasa contía.

Noveno.- En mérito ó exposto, SE PROPON Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“1º.- Aproba-lo presente informe.

2º.- Dar traslado do mesmo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1273).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO R.C. CELTA DE VIGO SAD PARA A ORGANIZACIÓN DO PARTIDO DE FÚTBOL DA SELECCIÓN ESPAÑOLA NO ESTADIO MUNICIPAL BALAIÓDOS, O VINDEIRO 18 DE NOVEMBRO. EXPTE. 13498/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.11.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo-xefe da Unidade Técnica do IMD, do 4.11.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

Con data 27 de outubro de 2014, o Real Club Celta SAD, a través de escrito do seu Director Xeral (registro de entrada nº 140130001) solicita, ao abeiro do convenio suscrito entre o Concello e o RC Celta de Vigo SAD, a autorización para a cesión do Estadio de Balaidos con motivo da proposta da Real Federación Española de Fútbol de celebración dun partido amigable entre as seleccións de España e Alemaña o vindeiro 18 de novembro de 2014.

Na actualidade o Concello de Vigo e o Real Club Celta SAD, teñen suscrito un convenio vixente co obxecto de regular a utilización polo Real Club Celta de Vigo SAD do Estadio Municipal de Balaidos e dos campos de fútbol de Barreiro e A Madroa. O devandito convenio data dun acordo plenario do 17 de maio de 1989. Este convenio de colaboración, con unha duración de 25 anos a contar dende a súa aprobación plenaria, foi obxecto dunha primeira modificación en sesión do Pleno da Corporación do 28 de maio de 1992, o que deu lugar ao texto refundido do mesmo e de unha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009, cuxo principal obxecto foi a ampliación do prazo de vixencia do convenio ata o ano 2034.

O texto do convenio aprobado no ano 1992 e prorrogado ata o ano 2034, estipula na “cláusula primeira” que: O Concello de Vigo autoriza ó Real club Celta a facultade que o seu equipo utilice o Estadio Municipal de Balaidos, así como as instalacións deportivas de Barreiro para o seu equipo filia, para a celebración de encontros deportivos oficiais, mailos amigables ou trofeos que conveñan, sen o que Celta poida arrendalos ou cede-lo uso sen acordo previo e expreso do Concello”.

2.- Proposta:

A solicitude realizada polo Real Club Celta de Vigo SAD, ten por obxecto recabar do Concello de Vigo a autorización expresa para poder organizar a celebración dun partido de fútbol amigable entre as seleccións de España e Alemania o vindeiro 18 de novembro de 2014.

Á vista dos antecedentes que se describen neste expediente e tendo en conta que a solicitude realizada ten por obxecto unha actuación de iguais características en relación o ámbito do convenio, xa que o fondo da cuestión céntrase na organización dun partido de fútbol, considérase que o convenio vixente recolle a posibilidade de proceder a aprobación da dita solicitude.

O ámbito do convenio regula todos os condicionantes derivados da organización dun partido de fútbol das características da solicitude realizada, tanto en relación a aqueles aspectos derivados das actuacións propias da organización e os gastos que se derivan destas, así como todas as responsabilidades vinculadas aos requisitos obrigatorios en relación á seguridade. No que respecta a estas materias, o convenio regula no ámbito da cesión do uso a favor do Real Club Celta:

a.- en relación aos aspectos de organización:

- ✓ A cesión dos dereitos de publicidade, taquilla, así como os dereitos sobre as retransmisións televisiva, explotación dos servizos de bares no interior do recinto.*

b.- En relación ás responsabilidades:

- ✓ O cumprimento de todos os ámbitos legislativos vinculados as normas de seguridade na organización de espectáculos deportivos e as normas sobre a prevención da violencia no ámbito do deporte. Do mesmo xeito, regula as obrigas en relación as coberturas da responsabilidade civil e todas as responsabilidades laborais derivadas das actuacións directas para a organización dos partidos de fútbol.*

d.- En relación os gastos derivados do uso:

- ✓ No convenio quedan regulados os diversos aspectos das obrigas sobre os gastos vinculados os consumos que se produzan pola celebración deste evento,*

Polo anteriormente indicado, a proposta de autorización a favor do Real Club Celta para a organización coa Real Federación Española de Fútbol, da celebración do partido de fútbol amigable entre as seleccións de España e Alemania, deberá de atender o cumprimento de todas as obrigas recollidas no texto do convenio vixente de acordo coa aprobación do 28 de maio de 1992 e da segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009.

Por todo o exposto, previo informe xurídico, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: autorizar ao Real Club Celta de Vigo SAD (CIF A36609105) dentro do marco do convenio no que se regula a utilización polo Real Club Celta de Vigo SAD do Estadio Municipal de Balaídos, en base aos textos refundidos dos acordos do 28 de maio de 1992 e da segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009, para a organización xunto coa Real Federación Española de Fútbol, do encontro de fútbol amigable entre as seleccións de España e Alemania, a disputar o vindeiro 18 de novembro de 2014.

SEGUNDO: o Real Club Celta de Vigo SAD, deberá garantir o cumprimento de todas as obrigas recollidas no contido do convenio vixente, en relación a todos os aspectos organizativos e de seguridade, para a organización coa Real federación Española de Fútbol do partido de fútbol

amigable entre as seleccións de España e Alemania o vindeiro 18 de novembro de 2014, quedando obrigado de presentar ante o Concello de Vigo, con unha antelación mínima de unha semana, de unha memoria detallada dos aspectos organizativos que demanden unha coordinación cos servizos públicos propios do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1274).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AQS DE COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE.12612/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 31/10, do xefe de área de Servizos Xerais, conformado pola concelleira de Educación e pola de Facenda; constando informe de fiscalización do 05/11 e xurídico do 07/11, di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión de 19 de outubro de 2012, acordou adxudicar a ELECNOR, S.A. o servizo de mantemento de instalacións de calefacción e AQS dos colexios públicos de Vigo (expte. 12612-332) polo prazo de dous anos, a partir do 16 de novembro de 2012, rematando o contrato o 15 de novembro de 2014.

No Prego de Cláusulas Administrativas Particulares na cláusula 7, apartado 4.c das FEC) que rixen o citado contrato, se fixa a duración de dous anos coa posibilidade de prórrogas por un máximo de dous anos

Á vista das anteriores consideracións e de acordo co escrito presentado pola Empresa ELECNOR,S.A no Rexistro Xeral deste Concello.(nº de doc. 140125798), no que solicita se lle conceda a 1ª prórroga do contrato, e no que ofrece polo mesmo importe adxudicado de 56.660,01 € (IVE incluído) como melloras das condicións actuais do contrato, as seguintes:

- 5 inspeccións periódicas por organismo de control autorizado de depósito de combustible aéreo valoradas en 400,00€ /unidade o que fai un total de 2.000,00€*
- 1 inspección periódica por organismo de control autorizado de depósito de combustible enterrado incluso proba de estanqueidade a tanque valeiro, limpo e desgasificado, tras inspección visual e medición de espesores valorado en 2.085€.*

A Concelleira-Delegada de Educación, mediante dilixencia de data 7 de outubro actual, solicita do órgano de contratación a prórroga do presente contrato dende o 16 de novembro de 2014 e o 15 de novembro de 2015.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA

“1º) Autorizar a PRIMEIRA PRÓRROGA do contrato a favor da Empresa ELECNOR, S.A. para o período comprendido entre o 16 de novembro de 2014 e o 15 de novembro de 2015, por un importe de 56.660,05€ IVE incluído, con cargo á partida presupostaria 3210 213 00 00 de mantemento de caldeiras de calefaccións e depósitos, ”. para a xestión do mantemento integral das instalacións de calefacción e AQS dos colexios públicos do Concello de Vigo (expte 12612-332).

2º) Aceptar por parte do Concello as melloras ofertadas pola Empresa ELEC NOR,S.A, que se recollen no escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello (documento núm. 140125798) e, que vincularán á empresa adxudicatária segundo os seguintes termos :

- 5 inspeccións periódicas por organismo de control autorizado de depósito de combustible aéreo valoradas en 400,00€ /unidade, o que fai un total de 2.000,00€
- 1 inspección periódica por organismo de control autorizado de depósito de combustible enterrado incluso proba de estanqueidade a tanque valeiro, limpo e desgasificado, tras inspección visual e medición de espesores valorado en 2.085€.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

12(1275).- NOMEAMENTO DE ONCE AXUDANTES DE OFICIOS , COMO FUNCIONARIOS INTERINOS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS E UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 25801/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05/11, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área e polo concelleiro-delegado da mesma; consta fiscalizado o 07/11 e di o seguinte:

“Antecedentes:

Con data 17 de setembro de 2014, o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Educación, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas de once vixiantes de instalacións municipais pola escasez de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais e, as recentes xubilacións de empregados municipais.

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente reconece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m2 de superficie edificada e máis de 300.000 m2 de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

Do referido escrito de petición, que obra no expediente administrativo despréndese que o vindeiro 11 de novembro rematan os nomeamentos interinos dos vixiantes porteiros nos CEIP (Centro de Ensinanza Infantil e Primaria) “Virxe do Rocío”, “Candeán-Fonteoscura”, “Chans-Bembrive”, “Sello-Cabral”, “Coutadas-Teis”, “Igrexa-Candeán”, “San Salvador” e “Ría de Vigo”, e, nas Escolas de Ensinanza Infantil (E.E.I), “Monte do Alba”, “Villalaura” e “Cristo da Victoria”.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 04 de novembro actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o nomeamento interino de once axudantes de oficios por acumulación de tarefas, por un período máximo de seis meses, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, nos termos da solicitude do técnico do Servizo de data 17 de setembro de 2014.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios dos seguintes aspirantes que aceptaron expresamente o mesmo: D^a. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, DNI 53.185.485-D, D. MANUEL COMESAÑA ARAUJO, DNI 36.099.135-Z, D.. JOSÉ M^a. OTERO CORREA, DNI 33.810.572-C, D. ABRAHAM SANCHEZ FRANCO, DNI 53.183.875-D, D. BORJA CARIDE GONZÁLEZ, DNI 39.459.449-M, D^a. M^a. JESÚS FOUZ ARES, DNI 33.538.869-Q, D. TOMÁS ALONSO VIDAL, DNI 36.064.038-S, D. ALFREDO BAUTISTA CASTRO DUARTE, DNI 35.306.019-F, D. MIGUEL VÁZQUEZ AGULLA, DNI 36.105.440-V, D. ARMANDO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, DNI 76.896.061-T, e, D. ANGEL ABALDE COSTA, DNI 36.057.096-L, toda vez que o aspirante que figura no posto 5^o D. José Manuel Martínez Barreiro, DNI 36.065.902-Q ten a condición de persoal laboral fixo deste concello coa categoría de oficial pavimentador; os aspirantes núms. 1-Bastos Villar, Purificación e 31-Vázquez Rodríguez, Javier, foron nomeados/as interinamente na sesión da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, tomando posesión o 10/02/14, polo que non poden ser novamente propostos ata o 10/02/2015. Os aspirantes num. 2-Arroyo Muñoz, Francisco, 3-Mera Aira, Arturo, 4-Prieto Almaraz, Alejandra, 6-Ballesteros Vázquez, Oscar, 7-Otero Fervenza, José, 8-Couso Suárez, Enrique F., 10-Fernández Pereira, Francisco e, 11-Barrio Martínez, Leonor, están prestando servizos na actualidade como axudantes de oficios por acordo da XGL de data 05/05/2014, expte. 25178/220. O aspirante que figura na 9^a posición, D. José Juan Quintas Pérez, figura proposto no expediente 25785/220 como oficial sepultureiro, pendente de remitir a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación. Os/as aspirantes que figuran nas posicións 12, 13, 16, 18, 20, 32, 35, 38, 40, 43, 44, 50, 52, 53, 56, 57 e, 58 figuran nos derradeiros postos na lista por ter renunciado en algunha ocasión a posibilidade de ser nomeados/as. Os aspirantes núm.15-D. Jorge Martínez Alonso, 29-Reboreda Martínez, Manuel e, 45-Capelo Rodiño, José Ramón, están prestando servizos na actualidade con ocasión da aprobación do expte. 25127/220 pola XGL na súa sesión de 09/05/2014, tomando posesión o 14/05/14, estando previsto o seu remate o vindeiro 13/11/14. Por último, non se procedeu ao chamamento do aspirante que figura no posto 28-Molina Jiménez, Rafael, a vista do informe de data 05/11/2014 asinado polo técnico do Servizo de Educación que conta coa conformidade da concelleira-delegada de Educación, que figura anexado a éste expediente, no que non se considera idóneo ao interesado para o desenvolvemento do posto de traballo de porteiro-vixiante nun centro público de educación infantil e primaria, sen prexuízo de que reúna os requisitos e condicións que garantan unha prestación óptima en calquera outro posto de traballo que se coide oportuno.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os once aspirantes propostos levan máis de seis meses dende que remataron o seu derradeiro nomeamento interino como axudantes de oficios (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 24448/220, 24055/220 e 23994/220, aprobados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 31/10/13, 03/05/13 e 26/04/13, rematando os mesmos en datas 03/05/14, 13/11/13 e 05/11/13, polo que están en condicións de ser novamente nomeados desde o día 04/11/14, 14/05/14 e 06/05/14 respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores "normas reguladoras, foron requeridos/as os/as once aspirantes da lista de substitucións referida aos que lle corresponde ser nomeados, que se corresponden cos aspirantes nºs 14-Dª. Comesaña Fernández, Isabel, DNI 53.185.485-D, 17-Comesaña Araujo, Manuel, 19-Otero Correa, José Mª., DNI 33.810.572-C, 21-Sánchez Franco, Abraham, DNI 53.183.875-D, 22-Caride González, Borja, DNI 39.459.449-M, 23-Fouz Ares, Mª. Jesús, DNI 33.538.869-Q, 24-Alonso Vidal, Tomás, DNI 36.064.038-S, 25-Castro Duarte, Alfredo Bautista, DNI 35.306.019-F, 26-Vázquez Agulla, Miguel, DNI 36.105.440-V, 27-Fernández Álvarez, Armando, DNI 76.896.061-T, e, 61-Abalde Costa, Angel, DNI 36.057.096-L, os/as cales manifestaron a través de escritos de data 04/11/2014 optar aos referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, merito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 218-vixiante de instalacións municipais da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, dispón no seu artigo 23.2, que durante o ano 2014 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixiancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

- *Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- *Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- *Intervención Xeral Municipal.*
- *Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- *Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- *Recursos Humanos.*
- *Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.n) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria ou especial, como servizo público esencial, informáse favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición do Servizo de Educación anexado ao expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 115.039,32€, dos que 28.759,83€ corresponden ao presente exercicio orzamentario e 86.279,49€ ao exercicio do vindeiro ano 2015, ao que haberá que engadirse a cantidade de 43.254,80€ en concepto de Seguridade Social a cargo do Concello (10.813,70€ correspondentes ao presente ano 2014 e 32.441,10€ ao vindeiro ano 2015, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Réxime Interior, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de once funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de Oficinas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito de 17 de setembro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 115.039,32€, dos que 28.759,83€ corresponden ao presente exercicio e 86.279,49€ a o exercicio do vindeiro ano 2015, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D^a. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, DNI 53.185.485-D, D. MANUEL COMESAÑA ARAUJO, DNI 36.099.135-Z, D.. JOSÉ M^a. OTERO CORREA, DNI 33.810.572-C, D. ABRAHAM SANCHEZ FRANCO, DNI 53.183.875-D, D. BORJA CARIDE GONZÁLEZ, DNI 39.459.449-M, D^a. M^a. JESÚS FOUZ ARES, DNI 33.538.869-Q, D. TOMÁS ALONSO VIDAL, DNI 36.064.038-S, D. ALFREDO BAUTISTA CASTRO DUARTE, DNI 35.306.019-F, D. MIGUEL VÁZQUEZ AGULLA, DNI 36.105.440-V, D. ARMANDO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, DNI 76.896.061-T, e, D. ANGEL ABALDE COSTA, DNI 36.057.096-L, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación (cód. 332)".

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso será obligatoria a dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

13(1276).- NOMEAMENTO DE DOUS/DÚAS SUBALTERNOS/AS, COMO FUNCIONARIAS INTERINAS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS E UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 25782/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/10/14, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área que figura fiscalizado con data 07/11/14 e di o seguinte:

"Antecedentes:

Con data 20 de outubro de 2014, a Xefa de Subalternos, remite oficio, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior, manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escasez de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos

edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Rectorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 20 de outubro de 2014, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de dous/dúas subalternos/as por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, nos termos da solicitude da súa xefa de Servizo de data 20 de outubro de 2014.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalternas das aspirantes núm.s 14-Dª. ROCÍO OJEA GONZÁLEZ, DNI 76.914.415-T e, 19-Dª. Mª. ANTONIA GONZÁLEZ PEINADO, DNI 36.124.789-T, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto. Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 1, 2, 4, 5, 7, 8, 9, 11, 12 e 15 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 25320/220, 25476/220, 25478/220 e 25733/220. Así mesmo, a aspirante que figura no posto núm. 3 ocupa a derradeira posición na lista ao ter renunciado voluntariamente nun anterior expediente, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada e, a aspirante que figura no núm. 10 que tiña sido nomeada alguacil/notificadora, presentou renuncia por mellora de emprego con data 19/10/2014 no expte. 24625/220. Por último, a aspirante núm. 13-González Arias, Olga, atópase prestando servizos como auxiliar administrativa neste Concello (expte. 25505/220) rematando o mesmo o 03/02/2015. Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos 16, 17 e 18 presentaron unha renuncia anterior, polo que se atopan nos derradeiros postos na lista. En consecuencia corresponde o nomeamento das aspirantes núms. 14 e 19 propostas tendo en conta que as mesmas levan mais de seis meses dende que finalizaron os seus derradeiros nomeamentos interinos por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do EBEP como subalternas, expte. 24173/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 12/06/13, rematando os mesmos en data 16/12/2013 e 06/02/2014, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 24 de abril de 2009, que modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público

do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-Ordenanza-Porteiro) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que os/as citados/as candidatos/as superaron os exercicios da correspondente oposición para cubrir en propiedade prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición asinado pola Xefa de Subalternos conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior de data 20 de outubro pasado, que obra no expediente.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 21.2 da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como é o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostenibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) *Ferías, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios paraa construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadans no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- *En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria*

municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- *Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- *Intervención Xeral Municipal.*
- *Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- *Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- *Recursos Humanos.*
- *Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instruccións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 20.512,20€, dos que 6.837,40 corresponden ao presente exercicio e 13.675,20 ao vindeiro ano, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de

novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalterno/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 20 de outubro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 6.837,40€ para o presente exercicio, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. ROCÍO OJEA GONZÁLEZ, DNI 76.914.415-T e, D^a. M^a. ANTONIA GONZÁLEZ PEINADO, DNI 36.124.789-T, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritas ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral das traballadoras nomeadas desenvolverase en horario de mañán ou de tarde según as necesidades do Servizo de Conserxería.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

14(1277).- NOMEAMENTO DE TRES OFICIAIS SEPULTUREIROS/AS, COMO FUNCIONARIOS INTERINOS, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS E UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 25785/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe.proposta do 30/10, da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área e fiscalizado en data 07/11, que di o seguinte:

“Antecedentes:

Con data 8 de outubro de 2014, a Xefa de Negociado de Cemiterios, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas de tres oficiais sepultureiros, pola escasez de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos oito cemiterios municipais, debido o aumento das cremacións, que deu lugar a un incremento importante das exhumacións, agravado polas baixas de enfermidade coas que conta na actualidade, as horas de representación sindical de tres oficiais sepultureiros, ao aumento de decesos na época invernal e, a minoración dunha praza que se adscribiu a outro servizo municipal consecuencia da adaptación de funcións en aplicación da Lei de Prevención de Riscos laborais.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 22 de outubro actual, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de tres oficiais sepultureiros por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d). da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, nos termos da solicitude da súa Xefa de Negociado, de data 8 de outubro de 2014.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dun/dunha praza de Oficial sepultureiro/a, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 21 de outubro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos seis aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como oficiais sepultureiros dos aspirantes nº 4 - D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B e, nº 3-D. ALBERTO COSTAS VILLAR, DNI 36.125.172-S, que aceptaron expresamente mediante escritos de data 22 de outubro pasado, optar aos referidos nomeamentos interino por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, significando que nesta data ningún/ningunha outro/a aspirante reúne os requisitos para ser novamente

nomeado, ben por renuncia ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizou o derradeiro nomeamento por acumulación de tarefas como oficiais sepultureiros, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verificase que os dous aspirantes propostos levan máis de seis meses dende que remataron o seu derradeiro nomeamento interino como oficiais sepultureiros (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 23924/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 22/03/13, rematando o mesmo en data 24/09/2013, polo que están en condicións de ser novamente nomeados desde o día 25 de marzo de 2014.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso

ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun periodo de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, dispón no seu artigo 23.2, que durante o ano 2014 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- *En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- *Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- *Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- *Intervención Xeral Municipal.*
- *Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- *Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- *Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- *Recursos Humanos.*

- *Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.k) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de Cemiterios e actividades funerarias, como servizo público esencial, informábase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Xefe de Negociado de Cemiterios anexado ao expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de seis meses ascende a un total de 33.480,00€, dos que 11.160,00€ corresponden ao presente exercicio e 22.320,00€ a o exercicio do vindeiro ano 2015, e imputaríase con cargo a partida

922.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais Sepultureiros/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, contidas no escrito 8 de outubro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 33.480,00€, dos que 11.160,00€ corresponden ao presente exercicio e 22.320,00€ a o exercicio do vindeiro ano 2015, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas Oficiais Sepultureiros, por un periodo máximo de seis meses, á D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B e, D. ALBERTO COSTAS VILLAR, DNI 36.125.772-S , seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial Sepultureiro, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, quedando pendente o nomeamento dun terceiro/a aspirante ó non reunir ningún deles as condicións para ser nomeado.

Terceiro.- Autorizar o nomeamento como oficial sepultureiro dun terceiro aspirante, no momento no que algún deles reuna as condicións para ser nomeado/a, habilitando ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal para que por Resolución, da que se dará conta a Xunta de Goberno Local, efectúe o mesmo, da lista de substitucións de oficial sepultureiro ou si ésta se atopase esgotada, da lista resultante da derradeira oposición de oficiais albaneis, tendo en conta a similitude de funcións entre ámbolos, segundo as guías de funcións que para ditos postos foron aprobadas con carácter definitivo pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23 de decembro de 2005.

Cuarto.- Dispoñer que os nomeamentos indicados realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, sendo adscritos ao Servizo de Cemiterios (cód. 303).

Quinto.- *Establecer que a xonada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de lúns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garantan ós seus periodos de descanso regulamentarios."*

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.